



## MINISTERIO PARA LA TRANSFORMACIÓN DIGITAL Y DE LA FUNCIÓN PÚBLICA

Aprobado o Protocolo fronte o acoso sexual e acoso por razón de sexo

28/02/2024

Na reunión de onte 28 de febreiro da Mesa Xeral de Negociación da Admon Xereal do Estado do artigo 36,3 do TREBEP, a **CIG asinou** o primeiro protocolo da admon fronte o **acoso sexual e acoso por razón de sexo**.

Este protocolo será aprobado no próximo consello de ministros é publicado no BOE con rango de Real Decreto.

Despois de ter paralizada a negociación máis de ano e medio sen ningún tipo de xustificación, esta última semana retomaronse os traballos na “Comisión Técnica de Igualdade” para poder sacar este protocolo co maior consenso posible.

**A CIG, sempre apostou por un “único” protocolo recollera todo tipo de acosos** (acoso sexual, por razón de sexo, identidade sexual, orientación sexual, acoso discriminatorio, acoso moral ou psicolóxico, conductas de violencia psicolóxica), quedando estes fora do ámbito de aplicación do protocolo aprobado. Administración sempre puxo atrancos a que isto acontecera, a súa estratexía é adiar o debate e que nun futuro os resto dos acosos non recollidos desenvolvan o seu propio protocolo.

Dende a CIG non compartimos esta a postura, pero era de difícil xustificación que a dia de hoxe non existira ningún protocolo e entendíamos **a necesidade urxente** de ter un marco de actuación ante estes sucesos.

Corresponde a Administración agora implementar medidas, tanto de formación como de sensibilización nos centros de traballo, para que no caso de detectar este tipo acosos se actue dun xeito eficaz e contundente.